

A DEVOCIÓN POPULAR AO SAN ADRIÁN NA TERRA CHÁ (LUGO)



AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

I. ALGÚNS TRAZOS XEOGRÁFICOS SOBRE A COMARCA DA TERRA CHÁ

Dende unha perspectiva xeomorfolóxica A Terra Chá é unha comarca, que amosa dúas partes claramente diferenciadas: a primeira, situada no norte, abrangue a alineación montañosa da Serra do Xistral, que separa esta bisbarra dos vales da Mariña; pola contra, a segunda comprende as superficies de erosión e penechairs ubicadas no centro e sur desta comarca, na que cómpre distinguir o espazo xeográfico bañado polo río Miño e os seus afluentes, así como algunhas pequenas lagoas – entre outras, as de Cospeito e Caque- .¹

Con respecto ao clima, mostra trazos de continentalidade claramente reflectidos nas

SANTUARIOS DO SAN ADRIÁN NA TERRA CHÁ



SIMBOLOXÍA

- 1- VILALBA - S. ADRIÁN - (TERRIO) (GOIRIZ)
- 2- BEGONTE - S. ADRIÁN - (CARBALLIDO) (PACIOS)
- 3- PASTORIZA - S. ADRIÁN - (FITOIRO) (BRETOÑA)

¹ Equipo “Ir Indo”: Guzmán Lópèz, Cristina; Iglesias Pérez, Montserrat; Miramontes Carballada, Ángel e outros.: *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*, Vigo: Ed. “Ir Indo”, 2005, páx. 23.

temperaturas – entre 5º e 11ª – e as precipitacións – entre os 900 e 1000 mm -, aínda que hai oscilacións importantes entre a planicie e a montaña ².

En canto á demografía, é unha bisbarra que aglutina a unha poboación de 41.290 habitantes – Instituto Galego de Estadística do 2016- distribuída nunha serie de entidades de poboación pertencentes aos municipios de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade, que ocupan unha extensión de 1822,75 km² . O trazo máis peculiar a nivel demográfico e o avellantamento da poboación debido a que o crecemento vexetativo é moi negativo; esta característica aínda se agrava máis nalgúns concellos como Abadín, Muras e Xermade, onde se fai máis patente a posibilidade que non haxa ningunha substitución xeracional.

Con relación a actividade económica podemos facer mención a unha comarca que ten como sostén a actividade agropecuaria, que dá emprego a máis dun terzo da poboación activa; a modernización gandeira maniféstase tanto no alto grao de



CARTEL ANUNCIADOR DA FESTA.

mecanización como no elevado número de reses por explotación. O sector secundario, pouco consolidado, basease esencialmente no sector agroalimentario; así, é mester distinguir as empresas de transformación láctea, situadas no concello de Vilalba, como Vence S.A, Leche de Galicia, S.A, e Queserías de Vilalba; ou Lácteos Lorán S.L., situada en Abadín; así mesmo cómpre destacar outros sectores industriais como os transformados metálicos, a produción de plásticos (Grupo Ferroplast, S.A), en Muras; tamén, a transformación de pedra (Ingemarga, S.A.) en Guitiriz. Finalmente no sector terciario sobresaen unha serie de empresas comerciais, hostaleiras e de transportes, sendo Vilalba o seu principal centro de referencia, xa que é un relevante nó de comunicacións cara a Asturias, A Coruña, Ferrol, Lugo e Meira; neste eido tamén hai que distinguir as pequenas entidades de poboación de Guitiriz, Muimente e Castro de Riberas de Lea, onde se empraza un importante centro de mercado gandeiro.

II. DATOS HAXIOGRÁFICOS SOBRE O SAN ADRIÁN.

² FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX).

Naceu a finais do século III en Constantinopla. Foi oficial do emperador *Maximiano*, que se converteu ao cristianismo, casandose logo con *Santa Natalia*. Durante a persecución decretada polo emperador *Licinio* foi encarcerado coa súa muller *Natalia*, quen presenciou as torturas ás que foi sometido denantes de ser decapitado en *Nicomedia* de cara ao ano 306.

O seu culto está documentado, tanto en España como en Portugal, dende o século VII. En Galicia algunhas lendas convertírono nun santo aniquilador de serpes, especie que simbolizaba ao paganismo en xeral e ao demo en particular.

Nesta comarca a súa devoción está reflectida en tres santuarios nos que se celebra a súa festividade ³.

En Fitoiro (Bretoña) (A Pastoriza), o cuarto domingo de xuño.

En Terrío (Goiriz) (Vilalba), o sábado seguinte á festividade da Ascensión.

En Carballido (Pacios) (Begonte), o domingo seguinte ao xoves da Ascensión.



CAPELA DO SAN ADRIÁN (FITOIRO)

III. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE OS SANTUARIOS.

Os santuarios son lugares de culto simbolizados por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos non só da comunidade parroquial, na que se ubica o espacio sagrado, senón tamen doutras freguesías. Neste último caso adoitan vir dun xeito individual ou colectivo. Polo tanto, podemos facer alusión a un espazo xeográfico ao que o antropólogo *W. A. Christian* denomina “territorio de gracia”, sobre o que un santuario proxecta a súa influencia en función do poder de convocatoria que exerce a súa imaxe sagrada en cuestión. Este territorio –segundo *Carme Pernas*- pódese reducir a un ámbito parroquial, municipal, comarcal, rexional e extra-rexional, que é o menos frecuente ⁴. Os devotos veñen a este recinto sagrado por un dobre obxectivo:

³ O Santo Adrián amosa en Galicia as variantes dialectais de Adrán, Adrao, Adriao, así como o cultismo Adriano.

⁴ BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “ I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, pág.71.

1º. Pregar da imaxe sagrada⁵ a súa intercesión ante determinadas peticións de índole material – prevención e sandación de doenzas, boas colleitas, facenda familiar, paro etc.,- e de carácter espiritual.

2º. Cumprir unha serie de promesas á devandita imaxe logo de que lles concedese as rogativas solicitadas.

*“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva”*⁶.

*“Los santuarios son lugares precisos de transformación de la energía divina para utilización humana y de transformación de la energía humana para propósitos divinos”*⁷.

Por outra banda, o crego *Xosé Antón Míguez* na análise que fai sobre os santuarios distingue os seguintes elementos: a vivencia do social vencellado a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica; e o carácter popular pouco institucionalizado⁸.



A IMAXE E OS COITELOS DO SAN ADRIÁN POUSADOS NO ALTAR (FITOIRO).

Finalmente nos santuarios podemos apreciar a existencia dunha triple dimensión:

1ª. **Espacial.** Trátase de lugares que son puntos de encontro, de contacto, de intersección das diversas zonas do real, da heteroxeneidade dos diferentes

⁵ A imaxe sagrada está representada por diferentes advocacións de Cristo, a Virxe, e os Santos, que son avogosos ante diversos males.

⁶ PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad popular, III*. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

⁷ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126.

⁸ MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. T.2, páx. 248.

estratos da realidade (o divino e o humano, o sagrado e o profano) ⁹. En moitas ocasións, os lugares onde se ubican os santuarios están relacionados con lendas ou aparicións milagreiras de santos-as, con reliquias... ou mesmo como lugares onde antano se celebraban prácticas pagáns e cultos á natureza...¹⁰.

2ª Temporal. Os santuarios son o eixo unificador dunha serie de ritmos vitais e cósmicos ¹¹. Así nos momentos de transición anual correspondentes cos ciclos solsticiais-equinociais é cando adoitan celebrarse as festividades relixiosas.

3ª Sociolóxica. Nestes recintos sagrados se reflicte o seu sentido de identidade ou pertenza a un grupo por medio dunha serie de rituais. Tamén o seu sentido de integración de cara ao exterior. “ *La doble vertiente, hacia adentro, y hacia fuera del área de referencia de cada centro se completa de esta forma, creando una red de relaciones de signo diverso* ” ¹².

Finalmente, a dimensión sacra do santuario complementase cunha profana, na que os diferentes carruseis, os postos de churrasco e polvo, o xantar familiar, e a posterior verbena danlle un sentido pleno á romaxe, que participa –como acabamos de ver– dun dobre escenario: o sacro, simbolizado polo templo; e o laico, representado polo campo da festa.

IV. ANÁLISE SOBRE OS DIFERENTES SANTUARIOS ADICADOS AO SAN ADRIÁN.

1. O SAN ADRIANO DE BRETOÑA (A PASTORIZA)

O recinto sagrado está situado na aldea de Fitoiro, parroquia de Sta. María de Bretoña, pertencente dende o punto de vista eclesiástico ao arciprestado de Bretoña e á

⁹ BLANCO PRADO, J.M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, páx.70.

¹⁰ BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “ I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, páx.71.

¹¹ MALDONADO, Luís: “Los Santuarios en la religiosidad popular”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

¹² FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

diócese de Mondoñedo-O Ferrol e, dende o civil, ao concello de A Pastoriza e, xa que logo, á provincia de Lugo.

1.1. TRAZOS ARTÍSTICOS.

A construción do santuario data do ano 1917, aínda que xa existía referencia documental deste santuario no ano 1749 .

En visita pastoral dese ano ordéouse ao seu dono **D. Manuel de Puga** que realizase varios arranxos na capela, sendo multado en 1750 por non cumprir coa devandita orde. No ano 1801, mándouse reedificar a capela por encontrarse nun deplorable estado de conservación. En 1912, os veciños de Afoz e Fitoiro (Bretoña) solicitaron licencia ao bispo de Mondoñedo para cambiar a capela ao lugar coñecido como “campo de Abelleira”¹³. Un ano despois o bispo concedeulles a correspondente autorización para trasladala e bendicila. Actualmente érguese unha cruz de pedra baixo un cobertizo no coto de Afoz, en lembranza do lugar orixinario da capela.

A capela, de planta rectangular, posue un pórtico de entrada; os seus muros son de cachotería; e a cuberta, de dúas augas, é de pizarra. Na parte superior do lado dereito do pórtico hai unha placa de mármore, que amosa unha inscrición na que se lee:¹⁴



“Esta capilla con todos sus enseres / fueron costeados los gastos de ella / por cuenta de D. Domingo Mourelle / D. Jesús Mourelle y D. Ricardo Gordás / con la ayuda de los vecinos del barrio / de Fitoiro y Afoz que portearon los materiales / bajo la administración de D. José Iglesias / Año 1917”.

No seu interior, consérvanse as tallas do Santo Estevo, San Adriano e á Virxe do Carme. Antano os seus titulares eran Santo Estevo e San Lorenzo, que se trocaron polo San Adriano debido á prevalencia do seu culto sobre os outros dous Santos.

DEVOTOS CO “COITELO DO SAN ADRIÁN” (FITOIRO)

¹³ GARCÍA Y GARCÍA, Antonio.: *Historia de Bretoña, Lugo*: Deputación Provincial, 2000, páxs. 72-78

¹⁴ RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y Provincia*. T.I, Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 1975, pág. 272.

Esta capela foi reparada a finais da década dos oitenta, levandose a cabo varios arranxos nas paredes, pavimento, ventás e interior. Así, *Xurxo Pena*, axudado polos seus veciños, deu cemento e cales ás paredes laterais da capela debido ao seu deterioro. Así mesmo, Eduardo Iglesias de Afoz construíu por devoción as ventás e *Gonzalo de Seselle* restaurou o altar, a Virxe do Carme, e o San Adrián. Hai dous anos, o escultor de Bretoña, *Villapol*, construiu unha imaxe pequena do San Adrián coa que se leva a cabo o ritual de “poñer o santo”.

1.2. PIEDADE POPULAR.

A festividade do San Adriano conmemórase o cuarto sábado e domingo do mes de xuño. Acoden fieis dos concellos de A Pastoriza , Castro de Rei, Cospeito, Meira e Riotorto. Deste último concello, veñen tódolos anos un grupo importante de devotos procedentes da parroquia de Orrea (Riotorto).

Os pedimentos máis usuais ó santo fan alusión as doenzas ligadas coa pel, vultos, osos e bocio.

Así mesmo, os fieis que acoden con pedimentos, ou para dar grazas no caso de que fosen concedidos, cumpren cunha serie de promesas.

Así, ao chegaren ao recinto sagrado, levan a cabo o “ritual de circunvalación”, consistente en dar unha ou máis voltas ao redor da capela de pé, portando nas súas mans unha imaxe pequena do santo. Logo realizan no interior do santuario dous rituais de contacto coa imaxe do santo, a saber, o de “ poñer o santo” e o do “ coitelo do San Adrián”. O de “ poñer o santo” consiste en que un fregués do lugar de Fitoiro, chamado Xurxo Pena Seco, realiza



RITUAL PROCESIONAL (FITOIRO)

unha cruz por riba da cabeza dos devotos cunha pequena imaxe do santo. Os devotos bican a imaxe e deixan unha esmola nunha boeta, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria:

*“Cristo vive, Cristo reina,
S. Adriano che dea a sanidad,*

*e che quite a enfermidade,
polo poder que Dios ten
e a Virxen María. Amén ”*

Tocante ao coitelo do San Adrián, cómpre dicir que é unha variante do ritual anterior. Antano os devotos tocaban cuns coitelos de madeira a imaxe do santo e logo pásabanos polas súas partes doentes. Pola contra, outros dábanllos ao sancristán para que tocase a imaxe do santo e deste xeito podían pasalos polas súas partes doentes. Este ritual podía realizarse en calquera día do ano, sempre que o sancristán estivese disponible. Na actualidade, os devotos adoitan levar os coitelos para as súas casas onde realizan o ritual habitual. Noutroira os coitelos de madeira realizounos **José Lugilde Pena, Germán Lugilde Pena, e Plácido Lugilde Pena**; este último facíaos de madeira de loureiro, bendicido o Domingo de Ramos. Hoxe, fannos **Xurxo Pena Seco e Eduardo Díaz Pena**.



Ás 13,30 horas (o sábado) e as 14 horas (o domingo) os devotos oen a única misa que se celebra no recinto sagrado. Logo participan na procesión que percorre o perímetro da capela. A disposición dos seus elementos é a seguinte:

En primeiro termo, a cruz do recinto sagrado, levada por un fregués do lugar de Fitorio. A continuación, as imaxes do San Adrián, San Estevo e a advocación mariana do Carne, portadas nas andas por devotos da parroquia. Finalmente, vai o crego concelebrante e algúns devotos colocados sen distinción de idade e sexo.

IMAXE PEQUENA PARA “POÑER O SANTO” (FITOIRO)

Noutroira ían devotos ofrecidos por baixo das andas do San Adrián. O trazo característico é que as andas do San Adrián son levadas por mulleres mentres que as da Virxe do Carne por homes..

Finalmente, os devotos ofrecen esmola en metálico que adoitan entregar no intre de “poñer o santo” ou ben no esmoleiro da capela que posúe unha abertura de cara ó

exterior. Tamen entregan candeas, flores e velóns que logo permanecen acesos nun lampadario situado o carón do altar.

2. O SAN ADRIÁN DE GOIRIZ (VILALBA).

O santuario está situado no barrio do Terrío, parroquia de Santiago de Goiriz, pertencente dende o punto de vista eclesiástico ao arciprestado de Vilalba, e a diócese de Mondoñedo-O Ferrol e, dende o civil, ao concello de Vilalba e á provincia de Lugo.

2.1. PECULIARIDADES ARTÍSTICAS

O santuario está composto por unha nave cuberta con sinxelo artesoano e unha espadana dun só van. Diante da fachada principal hai un pórtico con catro columnas de pedra e sinxelo enreixado. No muro lateral dereito está encaixado un sartego que ten un burato exterior polo que se introducen esmolas en especie que se recollen dende o interior por outro burato feito no muro.



No presbiterio hai un retábulo renacentista popular que consta de dous corpos:

RITUAL DO COITELO DO SAN ADRIÁN (TERRÍO)

No primeiro hai unha imaxe barroca do San Pedro; ós lados unha imaxe primitiva do San Adrián, popular, do século XVII, e outro San Adrián, popular tamén, e máis recente. O segundo corpo presenta unha imaxe da Virxe da Inmaculada do século XVII. O retábulo remata cun frontón triangular ¹⁵.

No retábulo da capela existe unha inscrición que fai mención ó ano en que se fundou e as persoas que o fixeron. Lese o seguinte: “ *Esta capilla fundó D. Ramón y Luaces y su mujer Doña Ramona de Montenegro, año de 1685 y este retablo año de 1703*”.

¹⁵ SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Inventario Artístico de Lugo y Provincia*, T.III, Madrid: Ministerio de Cultura, 1980, páx. 211.

Ata ben entrado o século XX a capela pertenceu á “*Casa do Rego*” de Santadrao. Os seus membros encargáronse de ter conta dela e de comprar os ornamentos sagrados para celebrar os oficios relixiosos.

2.2. ROGATIVAS E PROMESAS.

O domingo seguinte á festividade da Ascensión e o 29 de xuño celébranse as festividade do San Adrián e o San Pedro, respectivamente. Hai anos, a festividade do S. Adrián celebrábase o mércores antes da Ascensión.

Nestes días acoden devotos de tódalas parroquias dos arredores e tamén de concellos próximos como Abadín, Begonte, Cospeito, Muras etc. Veñen suplicantes perante o santo para que lles conceda unha petición ligada con doenzas humanas e animais, mais tamén acoden logo de que o rogo foi atendido. Polo tanto é mester que cumpran cunha serie de promesas:

Así, realizan o “ritual de circunvalación”, que se fundamenta en dar unha ou máis voltas ao redor da capela de pé, portando nas súas mans unha imaxe pequena do santo e figuras de cera, representando a animais; e ao corpo humano, enteiro ou parcial.



Oen unha das misas que se celebran no santuario á mañá, ao mediodía, e comezos da tarde.

Participan na procesión, acompañando ao San Adrián no seu percorrido ó redor do recinto sacro; ás veces, tamén polo campo da festa.

Levan a cabo os rituais de “poñer o santo” e o “coitelo do San Adrián”. Con respecto ao primeiro

RITUAL DA CIRCUNVALACIÓN (TERRÍO)

ritual, antano “os poñentes” estaban ligados a “*Casa do Rego*” de San Adrao, que usaban a mesma dinámica que en Fitoiro (Bretoña) mais empregando as seguintes xaculatorias:

*“Por tu corazón bendito / San Adriano, vos ilumine con su rostro./
El Señor vos bendiga / e sobre ti vos conceda su favor, / y vos proteja,/
se fije en ti, / y te conceda la paz”/*
“ San Adrián bendito / che quite a enfermidad, / e che dea sanidad, /

polo poder que Dios ten / e a Virxen María. Amén”/

En canto “ ao coitelo do San Adrián”, noutrora houbo persoas relacionadas coa “Casa do Rego” como **Manuel Blanco Lozano, Rosendo Rego Rego, Xosé María Rei Rego, e Xosé Antonio Blanco Teixeira**, que aparte de facer os coitelos, logo pasabanos pola imaxe do San Adrián e dábanllos aos devotos, quen cumprían



RITUAL DO SARTEGO (TERRÍO) (GOIRIZ)

co ritual ao igual que en Fitoiro (Bretoña) ¹⁶. Hoxe, xa os propios devotos tocan a imaxe cos coitelos e, logo, pasanos polas partes doentes cunha finalidade sandadora. Hai devotos que seguen co ritual nas súas casas e tamén os hai que realizan o seu propio coitelo de madeira e ben dun xeito directo ou indirecto bendiceno ou mandano bendicir – se eles non poden- para poder facer o ritual. Foi o caso de **José Grandío** da parroquia vilalbesa de Martiñán que no ano 2016 veu cun “ coitelo de madeira” moi personalizado, pasouno polo pescozo da imaxe; logo, pola pía de auga bendita; e finalmente entregoullo á persoa, que lle delegara o ritual.

Ademais, realizan dous rituais específicos deste santuario, a saber, o ritual do sartego e o ritual da fonte.



RITUAL DA “POXA” (TERRÍO) (GOIRIZ)

No exterior, e no lado dereito da capela está encaixado un sartego que ten dous buracos: un deles na parte interior do santuario e o outro na súa parte exterior. É costume depositar neste sartego crinas dos animais ofrecidos, como cabalos, eguas e vacas. Así mesmo, hai fieis que sacan algunha crina do sartego e lévana canda eles para cadansúa casa como elemento protector da cabana de seu.

Ao sur da capela, a uns douscentos cincuenta metros, hai unha fonte que leva o nome do San Adriano. Nela, realízanse actualmente dúas prácticas rituais:

¹⁶ BLANCO PRADO, J.M.: “ A Recuperación da Romaxe do San Adrián de Goiriz (Vilalba) (Lugo)”, en Boletín do Museo Provincial de Lugo. T.IX. Lugo, 2000, páx.26-49.

Por unha banda, algúns devotos lavan cuns panos de mesa e de tea as doenzas ligadas, dun xeito preferente, con garganta, osos e pel, e logo deixanos pendurando por riba dunhas silvas. Tamén adoitan levar botellas de auga para as propias casas coa finalidade de poder continuar co ritual. Ademais había o costume de pedir por si mesmo e por algúns familiares botando miolos de pan na fonte, mentres ían nomeándoos un



RITUAL DA FONTE (TERRÍO) (GOIRIZ)

por un. Segundo **Xabier Rego**, este ritual segue usándose, aínda que menos que antano. Ademais destes rituais, os devotos ofrecen esmola en metálico, candeas, velóns e figuras de cera, que simbolizan o corpo humano parcial e totalmente, así como a unha serie de animais, como, cabalos, cochos, eguas, vacas etc.

Tamén, algúns fieis seguen ofrecendo unha serie de produtos como unllas, cacheiras, queixos etc, que ao rematar os oficios relixiosos son poxados por un fregués da parroquia.

Logo, os devotos, tanto en Fitoiro (Bretoña) como en Terrio (Goiriz), denantes de iniciar a marcha para os seus lugares de orixe, percorren o campo da festa para comprar



rosquillas e outros produtos de tipo lúdico. Ademais, aproveitan esta ocasión para comer o polvo e outras viandas. Pola noitiña veñen os mozos da parroquia e doutras comunidades a divertirse na verbena e contribuir deste xeito a que a festa prosiga ata o mencer.

EXVOTOS DE CERA. CORPOS DE ANIMAIS E HUMANOS (TERRÍO)

3. O SAN ADRIÁN E O SAN XIAO DE CARBALLIDO (PACIOS) (BEGONTE).

A capela encontrase no lugar de Carballido, parroquia de Pacios, pertencente dende o punto de vista eclesiástico ao arciprestado de Begonte e á diocese de Mondoñedo- O Ferrol, e dende o civil ao concello de Begonte e á provincia de Lugo.

3.1. TRAZOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS SOBRE O SANTUARIO.

O recinto sagrado constitúe unha construción rústica de pedra, pequena, que posúe unha cuberta a dúas augas. No seu interior hai un pequeno retábulo



RITUAL DA “VENTÁ CEGA”(CARBALLIDO)

de madeira con dúas tallas que representan ao San Adrián e ao San Xiao. Ao seu carón, encontramos unha talla de madeira, que simboliza á Virxe da Ascensión.

Ademais, este santuario ten unha campá que foi traída dunha antiga capela do lugar de Vilaflores (Baamonde). Ésta, segundo veciños do lugar de Carballido, serve para



aloxar as treboadas, sempre que se toque cando aínda non comezara a chover.

Por outra banda, sobre a orixe desta capela encontramos a seguinte lenda:

*“Hai moitos anos, nunha campa de Carballido, aparecéronse ao mencer as imaxes do San Adrián e San Xiao, que pertencían a unha capela, situada no vilar, que leva por nome San Julián, distante un km. e medio da devandita campa. Os veciños do lugar, perante este suceso, decidiron construír a nova capela no lugar de aparición das referidas imaxes”*¹⁷.

RITUAL DO “COITEL DO SAN ADRIÁN” (CARBALLIDO) (PACIOS)

¹⁷ BLANCO PRADO, J.M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

Non embargantes, a motivación específica do cambio debeuse a que os campos existentes ao carón da antiga capela, quedaban nun estado calamitoso logo de celebrarse a festa . Isto deu lugar a que os propietarios das terras colindantes coa capela – *Antón de María* do lugar de Rañal (Pacios), *a familia de Campos*- decidisen provocar o traslado por medio da artimaña xa descrita. Por outra banda, tanto na antiga capela como na actual houbo un mordomo ata finais do primeiro cuarto do século XX; este encargabase de recadar as esmolos coas que se sufragan os gastos relixiosos e profanos da devandita capela: o 7 de Xaneiro, na honra do San Xiao; e o xoves da Ascensión, na honra da Virxe da Ascensión?, advocació mariana comprada pola “*Casa de Villegas*” (Carballido) (Pacios).

3.2. MOTIVACIÓNS. RITUAIS. OFRENDAS.

A festividade neste santuario celebrábase o domingo da Ascensión. Acodían devotos do concello de Begonte e doutros concellos da Terra Chá, como Guitiriz, Outeiro de Rei, Vilalba, e de Lugo capital.¹⁸ Éstes veñen a pregar ó santo ou darlle as grazas por pedimentos ligados con dores de cabeza e das extremidades inferiores, bocio, vultos, e algo por doenzas de animais, como, cochos e vacas. Isto leválles a realizar unha serie de promesas: Así, oen a misa solemne da unha da tarde. Participan na procesión, acompañando ás



RITUAL O “OCO NO CHÁN” (CARBALLIDO)

imaxes sacras, levadas nas andas por fregueses da parroquia. Poñen o santo do mesmo xeito que en Fitoiro (Bretoña) e en Terrío (Goiriz); non embargantes hai pequenas diferencias con respecto as xaculatorias, que empregaron os poñentes dende hai anos.

“ San Julián / San Adrián bendito / che dea a sanidade / e che quite a enfermidade/ polo poder que Dios ten. Amén./”

¹⁸ Hoxe o “territorio de gracia”, quedou restrinxido ás parroquias de bisbarra.

***“ Dios te conceda por medio de San Adrián /San Julián /
todo lo que le pidas./ En el nombre del Padre, del Hijo y del E. Santo. Amén”***

Realizan o ritual “do coitelo do S. Adrián” , que é semellante aos dos outros dous santuarios. En canto a esta práctica ritual é mester facer mención a **Manolo Rodríguez Ferreiro**, que era o que construía antano “ os coitelos de madeira”.

Ademais levan a cabo dous rituais propios deste espazo sagrado:

Así, introducen as súas cabezas nunha ventá cega, existente no interior do santuario,



como medida profiláctica e curativa perante as doenzas de cabeza. Así mesmo, meten os seus pés nun oco situado no chan, delimitado por dúas lousas, como medida precautoria e curativa perante as doenzas reumáticas e varicosas das extremidades inferiores.

Por outra banda, ofrecen algúns velóns, e esmola en metálico.

RITUAL DE “POÑER O SANTO” (CARBALLIDO) (PACIOS).

4. CONSIDERACIÓNS SOBRE ESTES SANTUARIOS.

O territorio de gracia destes santuarios non é homoxeneo. Iste feito queda reflectido en que a afluencia de devotos aos santuarios de Carballido (Pacios) e Fitoiro (Bretoña) diminuiu nos últimos anos, debido, entre outras razóns, a que só se celebra unha misa a comezos da tarde. Pola contra, vinte anos que xurdiu a “Asociación de romeiros do S. Adrián de Goiriz”



RITUAL DA PROCESIÓN (CARBALLIDO) (PACIOS)

que comezou a fomentar a romaxe deste santo por toda a bisbarra. Nestes recintos sacros hai unha serie de rituais de contacto, como “poñer o Santo” e pasar as mans e panos polas imaxes de devoción. Por medio desas prácticas os devotos confían en sandar as súas doenzas ao establecer unha importante relación comunicativa, baseada en signos lingüísticos e somáticos encaminados a acadar un efecto benéfico.

Ademais tamén se emprega o “ritual do coitelo do San Adrián”, mediante o que se tentan curar algunhas doenzas humanas. Isto é debido á crenza de que o coitelo no seu contacto coa imaxe de devoción queda sacralizado e, deste xeito, os devotos poden curar as súas doenzas por medio do seu corte simbólico.

Así mesmo, non só as imaxes dos santos serven para curar no seu contacto cos devotos, senón que tanto no interior dos santuarios como no seu exterior hai outros elementos, como ventás cegas, ocos – Santuario de Carballido- e fontes, sobre os que o santo proiecta a súa sacralidade, ás veces sen saír ó exterior. Así, no santuario de Goiriz, lévase a cabo o “ritual da fonte” que, como dixemos, consta de dúas prácticas rituais, xa anteriormente descritas.



rituais, xa anteriormente descritas.

Pois ben, na primeira parte deste ritual existe a convicción de que axiña que os panos vaian podrecendo as doenzas das persoas irán desaparecendo. Con este ritual o que se está levando a cabo é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar. É frecuente, segundo *Frazer*, que os ritos consistan nunha imitación dos efectos que se desexan producir.

Na segunda parte, estamos a referir a un ritual adivinatorio, de “carácter higromántico”, con semellanzas importantes ao existente en San Andres de Teixido (A Régoa) (Cedeira).

RITUAL DO “COITELO DO SAN ADRIÁN” (TERRÍO) (GOIRIZ).

Por outra banda, a dimensión sacra transmitese ao exterior dunha maneira directa por medio da procesión. Así, as imaxes que saen na mesma santifican o espazo, que percorren proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, que se encontran no mesmo. Respecto a disposición da procesión *Álvarez Gastón* distingue unha serie de trazos: trátase de manifestacións máis multitudinarias non só polos participantes activos

senón tamén polos espectadores. Ademais é mester reparar no xeito de levar as imaxes de devoción, no pobo que toma parte e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos e mesmo no silencio.

Finalmente, a paulatina desagrarización destas comunidades, fenómeno que podemos traspolar a case toda Galicia, vai levando paseniño ao abandono dunha devoción relacionada cun tipo concreto de sociedade. Non embargantes, sempre seguirá habendo pervivencias deste tipo de relixiosidade dende o intre en que as doenzas coas que se acode aos recintos sacros teñen un carácter xeral, e, ademais, a tecnoloxía médica aínda non é capaz de solucionar todos os males.

5. BIBLIOGRAFÍA.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C, 1976, páxs. 91-92.

BLANCO PRADO, J.M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, páx.70

BLANCO PRADO, J.M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

BLANCO PRADO, J.M.: “ A Recuperación da Romaxe do San Adrián de Goiriz (Vilalba) (Lugo)”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo. T.IX*. Lugo, 2000, páx.26-49.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “ I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa, nº 12*, Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, 2002, páxs. 69-91.

Equipo “Ir Indo”: Guzmán López, Cristina; Iglesias Pérez, Montserrat; Miramontes Carballada, Ángel e outros.: *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*, Vigo: Ed. “Ir Indo”, 2005, páx. 23.

FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX). Autor do mapa do presente traballo.

FRAZER, J.G.: *La Rama Dorada*, México: Fondo de Cultura Económica, 1969.

GARCÍA Y GARCÍA, Antonio.: *Historia de Bretoña, Lugo*: Deputación Provincial, 2000, páxs. 72-78

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

MALDONADO, Luís: “Los Santuarios en la religiosidad popular”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 272.

MARIÑO FERRO, X.Ramón.: *Santuarios mágicos de Galicia*, Vigo: Nigratrea, 2003.

MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. T.2, páx. 248.

PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad popular, III*. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y Provincia*. T.I, Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 1975, páx. 272.

SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Inventario Artístico de Lugo y Provincia*, T.III, Madrid: Ministerio de Cultura, 1980, páx. 211.

WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126.

6. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.



CAPELA DO SAN ADRIÁN (TERRÍO) (GOIRIZ)



RITUAL DE "POÑER O SANTO" (TERRÍO) (GOIRIZ)



MISA CONCELEBRADA NA HONRA DO SAN ADRIÁN (TERRÍO)



RITUAL PROCESIONAL (TERRÍO) (GOIRIZ)



INTERIOR DA CAPELA DO SAN ADRIÁN (FITOIRO) (BRETOÑA)



RETABLO DA CAPELA DO SAN ADRIÁN (CARBALLIDO) (PACIOS)



COITELOS DO SAN ADRIÁN (TERRÍO) (GOIRIZ)



PULPEIRA (TERRIO) (GOIRIZ)